

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DA ESTRADA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA RAPA DAS BESTAS DE SABUCEDO 2025

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co concello da Estrada e con ABANCA Corporación Bancaria S.A. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo 2025.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.



Segundo.- Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Terceiro.- O concello da Estrada ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración da Rapa das Bestas de Sabucedo.

Cuarto.- A Rapa das Bestas é unha festa cultural e turística que se celebra anualmente na parroquia de Sabucedo. A celebración consiste en recoller os cabalos do monte, metelos no curro, cortarlles as crins e marcalos para logo devolvelos ao monte.

O centro neurálxico de Sabucedo no que se concentran as principais actividades é o curro. Despois de sucesivas obras de ampliación, enmarcadas dentro do Plan Director de Dinamización de Sabucedo, a remodelación levada a cabo nel permitiu dotar dunha maior accesibilidade ao recinto, salvando as barreiras arquitectónicas no acceso; incrementar a capacidade do curro ata chegar ás 2.000 localidades, gozar dunhas maiores condicións en materia de seguridade; e, finalmente, mellorar a súa estética.



Esta festa presenta unhas singularidades que a diferencian de outras similares, a máis importante é que non se utilizan cordas, paus ou aparellos para reducir ao animal. Os "aloitadores" suxeitan a besta mentres se procede a rapa usando só o seu corpo e a súa destreza para realizar esta labor.

Outra especialidade da Rapa das Bestas de Sabucedo é que a "Baixada" ou actividade de xuntanza e condución das bestas ao curro forma parte da propia celebración e participan nela centos de persoas de toda Galicia e de fóra da comunidade. Ademais séguese a tradición de celebrar unha misa na que se pide a San Lourenzo, patrón de Sabucedo, para que non ocorra ningún accidente durante a festa.

A Rapa das Bestas é, por outra banda, un signo unificador da aldea. Moitas das tarefas que durante todo o ano desenvolven os veciños para manter viva esta tradición son as que propician que traballen de forma comunal, de xeito conxunto, case de forma fraternal.

A tradición desta festa incluso podería ser prerromana xa que a topáronse diversos petróglifos na zona nos que se representan homes sobre cabalos.

Polas súas singulares características e capacidade de atracción de visitantes esta festa foi declarada no ano 2007 Festa de Interese Turístico Internacional.

Quinto.- Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscripción de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello da Estrada unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

